

REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Día: 27.11.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 27 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 34391 (10/POC-005457)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre o balance da participación da Xunta de Galicia no I Encontro da Rede Interautonómica da Memoria Histórica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.2 38523 (10/POC-006055)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e 2 máis
Sobre as razóns da redución dos recursos para atender o alumnado con necesidades educativas especiais no CEIP Manuel Fraga Iribarne, de Cariño, no curso 2018-2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018
- 1.3 39932 (10/POC-006227)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da decisión da Fundación Naturgy de pechar o Museo de Arte Contemporánea na cidade da Coruña e as actuacións previstas para evitalo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 36157 (10/PNC-002902)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa iniciación do proceso de declaración da ponte de Cruzul, no concello de Becerreá, como "ben de interese cultural"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018
- 2.2 37603 (10/PNC-003019)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 6 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Educación da articulación, no marco do Pacto social e político pola educación, dun

procedemento de acceso á universidade que garanta o mesmo nivel de exixencia nas probas de acceso e a igualdade de oportunidades para todos os alumnos, con independencia da comunidade autónoma onde residan
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018

- 2.3 37781 (10/PNC-003034)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre o desenvolvemento por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional das actuacións necesarias para eliminar as deficiencias reflectidas no informe recibido polo Concello de Burela en agosto de 2018 respecto do estado en que se atopan as instalacións do CEIP Virxe do Carme
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018
- 2.4 38449 (10/PNC-003074)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para adaptar a oferta de formación profesional no concello de Vilalba á realidade socioeconómica do municipio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidenta

Teresa Egerique Mosquera

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Encarnación Amigo Díaz

P

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

María Isabel Novo Fariña

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 34391(10/POC-005457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre o balance da participación da Xunta de Galicia no I
Encontro da Rede Interautonómica da Memoria Histórica

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Juan Manuel Díaz Villoslada deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

Os días 15 e 16 de marzo de 2018, celebrouse en Pamplona o I Encontro da Rede Interautonómica de Memoria Histórica por iniciativa do goberno navarro.

Esta primeira reunión serviu para consolidar a rede e trazar liñas de colaboración, ademais de poñer en común boas prácticas en materia de políticas públicas de memoria histórica.

De igual modo, as comunidades autonómicas asistentes amosaron a súa dispoñibilidade a colaborar na localización de familiares de presos do Forte de San Cristobal no monte Ezkaba, unha das liñas de traballo do goberno de Navarra en memoria histórica.

Nesta prisión estiveron recluídos máis de 700 galegos e moitos atoparon aquí a morte.

A reunión rematou coa firma, por todas as Comunidades Autonómicas asistentes, dunha Declaración Institucional onde se afirma que a convivencia é un dos obxectivos básicos e ineludibles de todas as sociedades democráticas e se fai fincapé en que, para lograr que esa convivencia sexa real e xusta, é preciso proxectar unha mirada crítica sobre o pasado. Unha mirada que, dende valores democráticos e dende uns principios éticos firmes, condene todas as vulneracións de Dereitos Humanos cometidas.

Engade, tamén, que o compromiso dos asinantes, dende o respecto aos Dereitos Humanos e dende a defensa dunha cultura de paz, tolerancia e respecto, está coas persoas que sufriron a inxustiza da violencia tras o golpe militar de 1936 e durante a ditadura franquista.

Á súa vez, apunta que as administracións públicas teñen a responsabilidade de impulsar de forma activa políticas públicas que poñan en valor a memoria do ocorrido como forma de avanzar na consolidación de sociedades máis éticas, máis xustas, máis solidarias e máis democráticas, xa que o



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

esquecemento e a desmemoria debilitan os alicerces dos principios democráticos e só con memoria se pode dar resposta ao dereito das vítimas á verdade, a xustiza e a reparación.

En concreto, e textualmente, os tres puntos finais da declaración son:

1. Afirmamos a nosa condena do golpe militar de 1936 e da ditadura franquista, e o noso compromiso cunha cultura de paz, respecto e tolerancia.
2. Mostramos o noso compromiso coa memoria como ferramenta para o recordo da inxustiza da violencia e como medio para construír sociedades máis xustas, máis éticas, máis solidarias e máis democráticas, onde aqueles tráxicos acontecementos non poidan volver producirse.
3. Reiteramos o noso compromiso cos Dereitos Humanos e co dereito das vítimas á verdade, a xustiza e a reparación.”

Esta declaración foi firmada por trece comunidades de distinto signo político, pero non por Galicia.

Nas primeiras noticias que se deron ao respecto deste I Encontro en Navarra, aparecía como asistente Galicia, pero todo indica que non se presentou á cita e dende logo é claro que non firmou a Declaración Institucional. Non podemos entender as causas que motivaron esta negativa da Xunta de Galicia que de novo dá as costas ás vítimas da ditadura franquista incluso ás galegas e a toda política de memoria histórica.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª.) Por que a Xunta de Galicia non firmou a Declaración Institucional aprobada no I Encontro da Rede Interautonómica da Memoria Histórica?
- 2ª.) Por que Galicia non participou xunto coas outras trece autonomías que si estiveron no I Encontro da Rede Interautonómica da Memoria Histórica?
- 3ª.) Pensa asistir a Xunta de Galicia aos novos Encontros que se celebrarán?

Pazo do Parlamento, 7 de agosto de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2018 11:12
Nº Rexistro: 34391
Data envío: 07/08/2018 11:12:24.660



 [Grupo Parlamentario](#)

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/08/2018 11:11:40

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/08/2018 11:11:51

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/08/2018 11:12:02

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 38523(10/POC-006055)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as razóns da redución dos recursos para atender o alumnado con necesidades educativas especiais no CEIP Manuel Fraga Iribarne, de Cariño, no curso 2018-2019

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Flora María Miranda Pena, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a cobertura do posto de especialista en audición e linguaxe no CEIP de Cariño.

O novo inicio de curso veu acompañado de recortes en numerosos centros do país. Como no CEIP Manuel Fraga Iribarne de Cariño, un centro do rural que conta cun total de 10 aulas. Nestes últimos anos o alumnado con necesidades educativas especiais aumentou significativamente, das 10 aulas, 5 contan con alumnado con necesidades severas, así diagnosticadas polo correspondente equipo específico. De feito, este novo curso comeza cun neno máis con necesidades severas. Ademais 12 nenas e nenos deben traballar co profesorado de Audición e linguaxe debido a outras dificultades detectadas polo equipo de orientación.

Porén, malia que as necesidades, como dicíamos, aumentaron, os recursos decrecen ao verse reducida á metade a ocupación da especialista en Audición e Linguaxe, que neste curso comparten con outro centro, cando o curso pasado non era así:

	Alumnos necesidades severas	Alumnos aue precisan do reforzo de Audición e Linguaxe	Nº de días de Audición e Linguaxe no centro
Curso 2017/1018	4	12	5
Curso 2018/2019	5	12+2 pendentas	3

Ante esta situación a ANPA A Basteira púxose en contacto con inspección territorial, e outros membros da Consellería que non fan máis que ignorar as súas



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 13:45
Nº Rexistro: 38523
Data envío: 10/10/2018 13:45:17.906



demandas, mantendo unha situación dificilmente sostible para toda a comunidade educativa que se ve incapaz de atender correctamente as necesidades detectadas.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

-Como pode explicar o Goberno galego que aumenten as necesidades e reduzan os recursos para atendela?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ángeles Cuña Bóveda

Flora María Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/10/2018 13:14:13

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/10/2018 13:14:23

Flora María Miranda Pena na data 10/10/2018 13:14:30

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 39932(10/POC-006227)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da decisión da Fundación Naturgy de pechar o Museo de Arte Contemporánea na cidade da Coruña e as actuacións previstas para evitalo

Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 12:11
Nº Rexistro: 39932
Data envío: 08/11/2018 12:11:53.075

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A finais do mes de outubro a Fundación Naturgy -antes Fundación Gas Natural Fenosa- anunciaba o peche do MAC (Museo de Arte Contemporánea) na cidade da Coruña. Esta nova caeu como un xarro de auga fría na cidade e supón unha perda en termos culturais para o noso país.

O MAC foi inaugurado en 1995, reformado e ampliado en 2004 e converteuse nun referente cultural, cunha importante actividade, que vai desde cursos e talleres, bolsas artísticas, exposicións, concertos e proxección de películas e documentais. Ademais este museo conta cunha importante colección de arte que abarca os principais ámbitos estéticos de Galiza e do resto do estado, moi centrada nas correntes artísticas do século XX.

A decisión da Fundación Naturgy -antes Fundación Gas Natural Fenosa- supón un paso máis nun proceso de espolio, no que as eléctricas obteñen grandes beneficios a costa da explotación de recursos naturais na Galiza, sen que isto teña retornos en termos sociais.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 12:11
Nº Rexistro: 39932

Data envío: 08/11/2018 12:11:53.075

Desde o BNG amosamos o noso profundo desacordo con esta decisión, e pensamos que é necesario poñer en marcha unha ofensiva institucional e social que evite a desaparición dun espazo cultural na cidade da Coruña.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Como valora a Xunta de Galiza a decisión da Fundación Naturgy de pechar o MAC (Museo de Arte Contemporánea) na cidade da Coruña?

-Ten previsto a Xunta de Galiza tomar a iniciativa para evitar que se peche o MAC (Museo de Arte Contemporánea) da Fundación Naturgy -antes Fundación Gas Natural Fenosa-?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 12:11
Nº Rexistro: 39932
Data envío: 08/11/2018 12:11:53.075

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2018 12:10:33

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2018 12:10:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2018 12:10:39

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2018 12:10:40

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2018 12:10:41

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2018 12:10:43

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 36157(10/PNC-002902)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa iniciación do proceso de declaración da ponte de Cruzul, no concello de Becerreá, como "ben de interese cultural"

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:54
Nº Rexistro: 36157
Data envío: 06/09/2018 17:54:21.999

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para a declaración da Ponte de Cruzul, no Concello de Becerreá, como Ben de Interese Cultural (BIC).

A Ponte de Cruzul, no concello de Becerreá, é a única construción neoclásica que se conserva actualmente na provincia de Lugo. Data do século XVIII, posúe uns 30 metros de altura, 90 metros de lonxitude e tres arcos de medio punto que o tornan nunha das infraestruturas máis valiosas do Camiño Real.

A ponte atópase recollida no Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta e tamén catalogado no PXOM de Becerreá.

Desde hai anos a veciñanza de Becerreá e o propio Concello, así como outras entidades e institucións, veñen reclamando a catalogación desta ponte como Ben de Interese Cultural en aras de garantir a súa protección, conservación e mantemento. Así o demandou formalmente o goberno municipal no ano 2009 e de novo a finais do 2017 cando remitiron a documentación necesaria e a solicitude de que se iniciase a súa declaración como BIC.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:54
Nº Rexistro: 36157

Data envío: 06/09/2018 17:54:21.999

A Xunta de Galiza rexeitou até o momento actuar argüíndo que a Ponte de Cruzul é titularidade do Ministerio de Fomento mentres que o Goberno español non fixo nada por responder ás demandas municipais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias diante do Goberno español para iniciar, no menor tempo posíbel, a declaración da Ponte de Cruzul (Concello de Becerreá) como Ben de Interese Cultural.”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:54
Nº Rexistro: 36157
Data envío: 06/09/2018 17:54:21.999

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 17:53:18

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 17:53:23

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 17:53:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 17:53:26

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 17:53:27

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 17:53:29

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 37603(10/PNC-003019)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 6 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Educación da articulación, no marco do Pacto social e político pola educación, dun procedemento de acceso á universidade que garanta o mesmo nivel de exixencia nas probas de acceso e a igualdade de oportunidades para todos os alumnos, con independencia da comunidade autónoma onde residan

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2018 10:17
Nº Rexistro: 37603
Data envío: 26/09/2018 10:17:13.867

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A igualdade de oportunidades é un dos piares básicos sobre os que se debe asentar un sistema educativo. Deste xeito, garantir a igualdade de oportunidades no acceso aos diferentes niveis do sistema educativo debe ser unha das funcións das administracións públicas con competencias en materia de educación. Tendo esto presente, cómpre sinalar que a día de hoxe as diferentes comunidades autónomas contan con competencia para deseñar, cada unha delas, as súas probas de acceso á universidade, o que, en ocasións, provoca diferenzas no nivel das probas de acceso á universidade das diferentes comunidades autónomas.

Analizando de xeito comparado os datos das diferentes comunidades autónomas podemos observar como nas ABAU algunhas das comunidades cos mellores resultados en materia educativa, á luz dos diferentes indicadores nacionais e internacionais, coma pode ser o caso de Galicia ou Castela León, obteñen notas mais baixas que os alumnos de outras comunidades con peores resultados educativos.

Estas diferenzas provocan unha disfunción no sistema de acceso á universidade xa que a posibilidade de obter as notas necesarias para ingresar en unha carreira determinada varían en función de en qué comunidade se realicen as probas de acceso. Este resultado é consecuencia directa de non contar con un sistema de acceso á universidade único e homologable en todo o territorio nacional.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, formula a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a dirixirse ao Ministerio de Educación do goberno de España para que, dentro do marco do Pacto Social e Político pola Educación, se articule un procedemento de acceso á universidade no que as probas de acceso garanticen o mesmo nivel de esixencia e a igualdade de oportunidades para todos os alumnos independentemente de en que comunidade

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2018 10:17
Nº Rexistro: 37603
Data envío: 26/09/2018 10:17:13.867

autónoma residan.”

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/09/2018 10:08:02

César Manuel Fernández Gil na data 26/09/2018 10:08:17

Maria Antón Vilasánchez na data 26/09/2018 10:08:25

Teresa Egerique Mosquera na data 26/09/2018 10:08:40

Carlos Gómez Salgado na data 26/09/2018 10:08:53

María Isabel Novo Fariña na data 26/09/2018 10:09:05

Antonio Mouriño Villar na data 26/09/2018 10:09:29

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/09/2018 10:09:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 37781(10/PNC-003034)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o desenvolvemento por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional das actuacións necesarias para eliminar as deficiencias reflectidas no informe recibido polo Concello de Burela en agosto de 2018 respecto do estado en que se atopan as instalacións do CEIP Virxe do Carme

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seu deputado e das súas deputadas, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O concello de Burela (Lugo), con respecto ao estado no que se atopan os edificios do CEIP Virxe do Carme, recibiu un informe o día 17 de agosto de 2018 no que, como resultado dunha inspección visual (o que supón que poidan existir vicios ocultos que quedan exceptuados do informe), conclúe o seguinte:

Con respecto ás fachadas:

1. Mal estado xeral da fachadas, incluíndo fisuras e gretas en distintas partes, especialmente nas zonas onde esta recibida a carpintería.
2. Mal estado xeral da pintura de fachada.
3. Humidades en distintas zonas da fachada.
4. Mal estado de cornixas e avultado perimetral de portas e xanelas.
5. Falta de estanquidade en carpinterías

Respecto ás cubertas e impermeabilizacións:

1. Humidades en aulas de planta alta debidas a posibles filtracións do tellado.
2. A impermeabilización das cubertas planas non está protexida.
3. Dende a pista polideportiva (situada en altura) obsérvanse calvas de lousas na cuberta.
4. Nos corredores centrais do edificio un obsérvase a presenza de eflorescencias, en todo o pavimento.

Respecto ás zonas exteriores:

1. Fisuras en cerramentos de formigón, no que se observan as armaduras á vista.
2. Mal estado dos portalóns, mostrando oxidacións

Respecto ás carpinterías:

1. Falta de selado nas carpinterías, presenza de humidade.



Grupo Parlamentario

2. Deformacións en xanelas de aluminio. Deterioro xeneralizado.

Respecto ás pinturas:

1. Deterioración xeral da pintura exterior e interior do edificio, apreciándose sucidade, humidades e desprendementos nos tratamentos superficiais dalgunhas zonas.
2. As aulas contan con numerosos desconchados procedentes de filtracións de cuberta.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Respecto ás humidades:

1. Presenza de humidades en aulas, debidas a posibles filtracións de cuberta e canlóns.
2. Calidade de aire non idónea (ambiente cargado con cheiro a humidade).
3. Chans con presenza de humidade procedentes de condensación.

Respecto á iluminación:

1. Iluminación inadecuada en zona de ximnasio, presenza de luminarias oxidadas en superficie tipo “Regleta” a base de fluorescentes sen ningún tipo de protección.

Respecto ao parque infantil:

1. Non cumpre co Decreto Autonómico 245/2003 polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís. Non conta coa inspección anual Favorable.
2. O pavimento de lousa non é adecuado para a altura de caída dos xogos existentes.
3. Presenta numerosas atrapamentos cabeza-pescozo
4. Presenta numerosos atrapamentos de dedos.
5. Presenta táboas adoites con presenza de cravos e parafusos á vista.
6. A distribución dos xogos, non cumpre, xa que se invaden espazos de seguridade dos xogos.

Respecto ás condicións de accesibilidade

O centro non ten garantida a accesibilidade de acordo coa disposición adicional terceira, apartado b) do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, “os edificios deben adecuarse ás



Grupo Parlamentario

condicións de accesibilidade que establece o DB- SUA antes do 4 de decembro de 2017, en todo aquilo que sexa susceptible de axustes razoables.”

En resumo, o informe conclúe que

1. Despois dos anos e debido ao intenso uso ao que se viu sometido, a día de hoxe pódese afirmar que o centro educativo non reúne as debidas condicións de habitabilidade e seguridade, para a utilización como centro escolar, sendo necesario acometer unha serie de traballos de limpeza, rehabilitación e reparación do mesmo, que exceden dos labores de mera conservación.
2. Vista a envergadura dos devanditos traballos e os condicionantes técnicos que a normativa vixente esixe, propónse a realización dun proxecto técnico, pola administración competente, que englobe a rehabilitación das instalacións do edificio. Sendo preferente adoptar medidas para garantir a seguridade dos alumnos, no referente ao parque infantil e ás zonas exteriores

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por outro lado, a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación establece na súa disposición adicional décimo quinta, relativa a municipios, corporacións ou entidades locais que a conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, corresponderán ao municipio respectivo.

Como se deduce de forma obvia de todo o anterior, as obras necesarias no CEIP Virxe do Carme de Burela son de tal envergadura que precisan o concurso da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o seu desenvolvemento.

Á vista do anterior o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a desenvolver as actuacións necesarias para eliminar as eivas que se poñen de manifesto no informe recibido polo concello de Burela en agosto de 2018, respecto do estado no que se atopan as instalacións do CEIP Virxe do Carme desta localidade.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 12:29
Nº Rexistro: 37781
Data envío: 01/10/2018 12:29:16.207



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/10/2018 11:52:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María de la Concepción Burgo López na data 01/10/2018 11:52:33

Patricia Otero Rodríguez na data 01/10/2018 11:52:45

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/10/2018 11:52:57

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 27.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 38449(10/PNC-003074)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para adaptar a oferta de formación profesional no concello de Vilalba á realidade socioeconómica do municipio

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, sobre a oferta de formación profesional no Concello de Vilalba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Falar de formación profesional supón falar de calidade do sistema educativo galego e de igualdade de oportunidades. Unha cuestión que afecta tamén ás posibilidades laborais e finalmente, á emigración ou estabilización da mocidade nos lugares nos que viven.

Nese senso cabe entender a demanda feita por Vilalba Aberta cando reclama coma urxente unha ampliación da formación profesional que axude a facer competitiva a estrutura produtiva do Concello, co fin de mellorar as condicións de empregabilidade dun segmento de poboación, a mocidade, líder involuntario de todas as clasificacións de datos de paro.

Neste senso, resulta imprescindible a adaptación da oferta da formación profesional a unha contorna laboral que mudou definitivamente nos últimos anos, máxime se temos presente estudos recentes como o realizado pola OCDE “As competencias máis aló da escola”, que estiman xa que ata 2020 preto de dous terzos do crecemento no emprego terá lugar na categoría de técnicos titulados de Formación Profesional en Grao Medio e Superior.

Con todo, parece inevitable facer referencia ás posibilidades que, en termos de formación e de inserción de emprego, suporía para a mocidade vilalbesa a posta



en marcha no Concello de dous dos ciclos que mellor atenden á realidade dun municipio eminentemente agrario e que se caracteriza, ao tempo, por contar con dúas das máis importantes empresas de transformación de leite, isto é: o curso FP de Explotacións Agrarias Extensivas e o de Procesos e calidade na industria alimentaria.

Porque o futuro das nosas explotacións está en risco, en tanto que non resulta fácil a substitución xeracional sen a necesaria e oportuna formación. Unha formación, paralelamente, sen a cal o traballo agrario está inxustamente infravalorado. Neste senso, é hoxe máis necesario ca nunca poñer en valor o traballo agrario para que as mozas e os mozos o vexan como unha oportunidade de futuro e se recupere o interese por continuar coas actividades iniciadas polas súas familias, modernizándoas e adaptándoas a unha novas tecnoloxías que as fagan competitivas no contexto actual. Ao tempo, o anteriormente citado ciclo de Procesos e calidade na industria alimentaria, e que pola vía da específica formación en tarefas de xestión da produción, organización, control, investigación, así coma no que ten que ver co desenvolvemento, calidade e seguridade alimentaria; suporía, do mesmo xeito, a tan necesaria adaptación da oferta formativa ás verdadeiras necesidades produtivas, neste caso, do - non precisamente amplo - tecido empresarial de Vilalba.

Neste senso cabe entender a nosa proposta, a fin de converter - a medio/longo prazo - ao Concello de Vilalba nun referente do sector agroalimentario, en base a unha crecente densidade gandeira, ao repunte e consolidación da produción ecolóxica e de proximidade e á calidade innovadora dunhas explotacións, que se conciban competitivas ao tempo que respectuosas co medio ambiente.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38449
Data envío: 09/10/2018 18:44:08.522



O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a adaptar a Formación Profesional ofertada en Vilaba á realidade socioeconómica do concello mediante a incorporación dos ciclos formativos de Explotacións Agrarias Extensivas e Procesos e calidade na industria alimentaria.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 09/10/2018 18:38:28

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/10/2018 18:38:37

Luis Villares Naveira na data 09/10/2018 18:38:48